
Emerxencia sanitaria polo Covid-19 Nº 2 - 15 maio 2020



FOUCIÑO

Suplemento informativo especial do Sindicato Labrego Galego

O SLG insta á Consellaría de Medio Rural a crear axudas propias para apoiar as granxas desasistidas polo Estado na crise do Covid-19











Os sectores que máis están acusando o impacto da crise polas restricións do estado de alarma son ovino, caprino, vacún de carne, pequenas industrias transformadoras, planta, flor cortada, viño e pataca

Case a totalidade dos proxectos agrogandeiros na Galiza están desasistidos por parte do Estado na crise xerada polas restricións do estado de alarma. De seguirmos así, a continuidade de miles de granxas e leiras pode perigar se non teñen apoios públicos.

Agora mesmo, o Ministerio de Agricultura só puxo fondos para os sectores ovino e cabrún, pero nunha liña de axudas que non se adapta á realidade galega. Ademais, as medidas postas en marcha pola Comisión Europea van beneficiar pouco a Galiza.

Nestas circunstancias, estamos á espera de ver como se poden redistribuír os fondos do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) para afrontar a crise do Covid-19. Tamén é posible crear subvencións estatais nos sectores agrícola e forestal tirando do Regulamento (UE) 702/2014 da Comisión Europea.

Pero, a maiores de todas estas posibilidades aínda por concretar, é necesario que a Consellaría de Medio Rural formule outras modalidades de apoio, como as denominadas axudas de minimis, que explicamos a continuación en detalle.

Que son as axudas de mínimis?

As **axudas de mínimis** son aquelas que non alteran a libre competencia no entorno comunitario. Son pequenas axudas que pode conceder un estado membro sen a obriga de comunicarllo a Comisión Europea. Actualmente, ampliouse a contía das axudas de mínimis para o sector agrícola pasando de 25.000 € (durante tres periodos fiscais) a 100.000 €.

Hai comunidades con axudas de mínimis?

No Estado temos numerosos exemplos de que as comunidades poden crear as súas propias liñas de axudas. En **Navarra**, para paliar a crise do Covid-19, pagan 3 € por ovella e financian o almacenamento privado de canais de año. Tamén pagan por hectárea de remolacha azucreira. En 2017, **A Rioxa** deu axudas de mínimis pola seca (3 € por cabra e ovella e 15 € por vaca nutriz). En 2019, **Castela e León**, creou axudas de mínimis para garantir o subministro de auga ás granxas extensivas. En **Castela A Mancha**, para paliar os danos producidos por aves necrófagas en gando doméstico. En **Cataluña**, para o transporte de xurros e diversos investimentos asociados á súa xestión.

Que axudas pide o SLG?

1. <u>Explotacións de horta, de planta ou mixtas, que fan venda directa (mercados e/ou restauración) e que habitualmente non cobran axudas</u>. En extensión son moi pequenas, polo que calquera cobro por hectárea non vai servir. Precisan unha axuda de minimis por persoa como compensación ao peche dos mercados e da restauración.

2. <u>Explotacións de ovino e cabrún</u>. Sector moi afectado polo peche das súas canles de venda normais. Non esperan que mellore a comercialización polas restricións que posiblemente seguirán existindo para os actos nos que se acostuma consumir esta carne. As axudas publicadas no BOE van ter uns efectos cativos na Galiza, xa que os nosos rabaños son pequenos e porque, segundo os datos das axudas acopladas, só hai 173 explotacións de ovino e 23 de cabrún en toda Galiza que cobren as axudas asociadas voluntarias de ovino e cabrún. Polo tanto, na convocatoria que faga Galiza, debe rebaixarse o límite inferior de máis de 50 (ovino) e 30 (cabrún) femias reprodutoras para adaptarse á realidade da nosa terra. Tamén se debería pagar pagar máis polos primeiros animais ou pagar por activo. En Navarra xa se estableceu unha axuda de minimis para este sector.



O Ministerio de Agricultura só creou axudas nos sectores de ovino e cabrún, pero non se adaptan á realidade galega. Porén, en Navarra xa teñen axudas de mínimis propias que pagan 3 € por ovella

3. Explotacións de carne bovina. No sector calculan que caeu o prezo un 30%, baixada que se fixo máis acusada no vacún maior. Estas granxas xa viñan tendo unha escasa rendibilidade, polo que calquera variación mínima no prezo fai que perigue a súa existencia. Posiblemente, neste caso tarde máis en recuperarse o prezo e o mercado. Sería conveniente, polo tanto, estudar a posibilidade de crear unha axuda de mínimis tamén para este sector, baseada nas perdas sufridas nos becerros vendidos dende marzo até que remate o estado de alarma.

4. Pequenas industrias transformadoras (adegas, queixerías, etc.) que non entran na distribución dos supermercados. As canles de venda pecháronse por completo. O primeiro mes foi, en moitos casos, de facturación cero. Algunhas están tentando outras formas de comercialización agora, pero pensamos que hai que evitar o seu peche. Cómpre establecer unha axuda directa se non queremos que a pequena transformación desapareza.

5. Pequenas explotacións agrícolas non alimentarias, como as de flor cortada, planta, etc. que viron anuladas as súas vendas e, polo tanto, tamén precisarán axudas específicas.

6. Pataca e sector vitivinícola: O SLG xa reclamou axudas específicas para estas producións, ao borde do colapso pola paralización de grandes continxentes de viños nas **ADEGAS** e de **PATACA** nos almacéns polo peche do canal Horeca.

O SLG pide a dimisión do delegado do Goberno por seguir prohibindo os mercados de alimentos labregos despois de ser autorizados pola Xunta

Apesares de que Medio Rural autorizou os mercados para a venda directa de produtos labregos a partir do 4 de maio, a Delegación do Goberno empezou prohibindo aqueles que se quixeron celebrar nos días inmediatos á autorización en vilas como Carballo, Sada, Teo ou Betanzos.


O SLG expresou a súa máis enérxica protesta e pediu a dimisión do delegado do Goberno en Galiza, Javier Losada, por ser esta institución a que estivo torpedeando en todo momento calquera tentativa de erguer unha prohibición inxusta e discriminatoria.

Días despois, trala petición de dimisión do SLG, a Delegación do Goberno retractábase e autorizaba, finalmente, a celebración dos mercados.

A postura da Delegación do Goberno en Galiza demostrou un absoluto desprezo por miles de familias labregas que viven de comercializar directamente as súas producións. Tamén fixo gala dunha escandalosa inopia en temas agrícolas, pois este tipo de mercados, ao limitarse só á venda directa por labregos e labregas que producen o que venden, e que teñen que estar de alta no Sevedi, estanse a facer cunha redución drástica do número de postos, o que facilita o cumprimento dos protocolo sanitarios.



As granxas galegas de leite perderon 160 millóns de euros en 2019 por vender por baixo dos custes



O **Estudo de Custes e Rendas das Explotacións Agrarias (Ecrea) do sector lácteo** correspondente ao ano 2017 fixa en **39 céntimos** o custe medio para producir un litro de leite de vaca nunha granxa galega, un valor moi afastado dos 32,3 céntimos que cobraron as nosas granxas en marzo[1]. Se utilizásemos este custe de produción, que se incrementou nos últimos anos, e calculamos o diferencial do que perderon as nosas granxas por non ingresar eses cartos, só en 2019 **o sector lácteo galego deixou de ingresar case 160 millóns de euros (159.596.767 €), o que supón unha media de máis de 13 millóns de euros por mes (13.299.730 €)**[2].

Dende o Sindicato Labrego Galego estamos estudando a posibilidade de **denunciar estes feitos diante da Axencia de Información e Control Alimentarios (Aica)** e, eventualmente, valorar as posibilidades de éxito dunha demanda xudicial semellante á que xa está en marcha contra o cártel do leite. A obriga das granxas a vender por baixo de custes podería facer incorrer en fraude a maioría dos contratos asinados por non cumprir a cláusula dos custes de produción.

300 € DE PERDAS POR VACA DE MEDIA EN 2017

A denuncia diante da Aica basearíase, precisamente, no Ecrea, cuxos resultados de 2017 se deron a coñecer recentemente. Trátase dun informe oficial do Ministerio de Agricultura, realizado pola pola Subdirección Xeral de Análises, Coordinación e Estatística. No caso galego, analizáronse 64 explotacións de leite. **O resultado foi que o custe de produción medio é de case 39 céntimos por litro, sendo o beneficio da actividade negativo, de -3'3 céntimos por litro.** Esta actividade ruinosa e con perdas quedaría compensada polas axudas desacopladas, que deixarían un beneficio final de 1 céntimo por litro. **Se quitamos as axudas da ecuación, cada granxa tería unhas perdas de preto de 300 € por vaca (-299'08 €).**

A día de hoxe a situación é semellante á de 2017 retratada polo Ecrea, xa que os contratos que a industria está a impoñer para a seguinte campaña marcan uns prezos parellos aos actuais, moi lonxe dos 39 céntimos de media que custa producir un litro de leite de vaca na Galiza e, en moitas ocasións, por baixo dos 30 céntimos.

Resultados-económicos de vacuno de leche en Galicia 2017


	€/Cabeza	Var. % (*)	€/Explot.	€/U.T.A.	€/100 l	%
Producto Bruto						
1- VENTAS DE LECHE	2.702,42	117,72%	159.907,02	75.901,48	30,12	84,49%
2-VENTAS DE GANADO	171,59	103,55%	10.153,03	4.819,24	1,91	5,36%
3-SUBVENCIONES	141,15	152,51%	8.352,05	3.964,39	1,57	4,41%
4-VARIACIÓN DE INVENTARIO	5,81	-62,86%	343,94	163,26	0,06	0,18%
5-OTROS INGRESOS	177,52	98,66%	10.504,33	4.985,99	1,98	5,55%
PRODUCTO BRUTO (1+2+3+4+5)	3.198,49	115,18%	189.260,38	89.834,35	35,65	100,00%
Costes						
6-TOTAL COSTES DIRECTOS	2.329,68	112,45%	137.851,33	65.432,52	25,97	66,61%
Semillas (Cultivos para el ganado)	-	-	-	-	-	-
Fertilizantes (Cultivos para el ganado)	0,37	35,54%	21,89	10,39	-	0,01%
Productos Fitosanitarios (Cultivos para el ganado)	-	-	-	-	-	-
Otros suministros (Cultivos para el ganado)	-	-	-	-	-	-
Pastos Rastrojeras y Montaneras	0,08	93,51%	4,69	2,22	-	-
Forrajes y subproductos	916,59	129,37%	54.236,06	25.743,69	10,22	26,21%
Concentrados	1.136,63	100,56%	67.256,27	31.923,87	12,67	32,50%
Productos zoosanitarios	95,69	113,26%	5.662,20	2.687,62	1,07	2,74%
Otros suministros para el ganado	180,33	111,94%	10.670,22	5.064,73	2,01	5,16%
Compra de animales (Cebo)	-	-	-	-	-	-
7-MAQUINARIA	193,37	111,29%	11.442,12	5.431,12	2,16	5,53%
8-MANO DE OBRA ASALARIADA	97,63	105,44%	5.777,07	2.742,15	1,09	2,79%
9-TOTAL COSTES INDIRECTOS PAGADOS	305,39	98,92%	18.070,73	8.577,45	3,40	8,73%
Cargas Sociales	101,46	108,59%	6.003,37	2.849,56	1,13	2,90%
Seguros de capitales propios	23,45	89,00%	1.387,60	658,64	0,26	0,67%
Intereses y gastos financieros	4,59	123,20%	271,63	128,93	0,05	0,13%
Canon de arrendamiento	47,19	106,96%	2.792,16	1.325,33	0,53	1,35%
Contribuciones e impuestos	10,07	105,11%	596,12	282,96	0,11	0,29%
Conservación de edificios y mejoras	26,73	63,85%	1.581,94	750,88	0,30	0,76%
Otros gastos generales	91,90	98,08%	5.437,90	2.581,15	1,02	2,63%
10-AMORTIZACIONES	175,05	90,38%	10.357,79	4.916,43	1,95	5,00%
SUBTOTAL COSTES (6+7+8+9+10)	3.101,12	109,38%	183.499,04	87.099,67	34,56	88,67%
11-TOTAL OTROS COSTES INDIRECTOS	396,45	84,97%	23.458,60	11.134,86	4,42	11,33%
Renta de la tierra	2,67	100,93%	157,95	74,97	0,03	0,08%
Intereses de otros capitales propios	99,57	99,10%	5.891,88	2.796,64	1,11	2,85%
Mano de obra familiar	294,21	80,50%	17.408,78	8.263,25	3,28	8,41%
COSTE DE PRODUCCIÓN COMPLETO	3.497,57	106,29%	206.957,65	98.234,53	38,98	100,00%
Resultados						
12-PRODUCTO BRUTO (1+2+3+4+5)	3.198,49	115,18%	189.260,38	89.834,35	35,65	-
13-MARGEN BRUTO ESTÁNDAR (12-6)	868,81	122,87%	51.409,05	24.401,82	9,68	-
14-MARGEN BRUTO (13-7-8)	577,81	130,40%	34.189,86	16.228,56	6,44	-
15-RENTA DISPONIBLE (14-9)	272,41	180,11%	16.119,13	7.651,11	3,04	-
16-MARGEN NETO (15-10)	97,37	1734,43%	5.761,34	2.734,68	1,09	-
17-BENEFICIO DE LA ACTIVIDAD (16-11)	-299,08	-43,08%	-17.697,27	-8.400,19	-3,33	-
18-AYUDAS DESACOPLADAS (**)	308,36	154,20%	18.245,99	8.660,64	3,44	
19-BENEFICIO AL PRODUCTOR (17+18)	9,27	110,57%	548,72	260,46	0,10	

Coeficientes técnicos

Vacas/explotación	59,2
UTA/explotación	2,11
l/explotación	530.905
SAU/explotación	42,98
Vacas/ ha SAU	1,38
Vacas/UTA	28,04
l /vaca	8.972


(*)Variación % sobre media en €/ha (2 años).
(**) Estas ayudas se reparten entre las diversas actividades de la explotación, proporcionalmente al volumen de ventas de cada actividad sobre las ventas totales de la explotación.

Resultados económicos (valores en €/vaca, no se incluyen ayudas desacopladas)




GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN | SUBSECRETARÍA SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ANÁLISIS, COORDINACIÓN Y ESTADÍSTICA

Beneficio por vaca negativo:




Beneficio por litro de leite negativo:










ANUNCIOS

Véndense
-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Aboadora 2.000 kg Amazone.
-Tractor Barreiros moi antigo, especial para coleccionistas.
-Seat Ibiza.
Por peche de explotación en Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense:
-7 xovencas.
-Ensiladora BLV.
-Maquinaria diversa.
En Cambre (A Coruña) por cese de explotación. Prezo negociable.
☎665 007 372 (Carme)

Véndese
-Tractor Ebro a bo prezo.
☎689 752 400

Véndese ou alúgase
-Granxa avícola en A Estrada de 1.200 m², con capacidade de até 18.000 polos. Dispón tamén de finca anexa.
☎634 409 255

Véndense
-Rolos de silo de herba (Lugo).
☎649 147 614

Véndese
-Prensa de queixo en Sobrado dos Monxes.
☎981 788 859 / 628 586 957

Véndese
-Rabaño de vacas de monte, rubias e os seus cruces.
☎626 442 294

Véndense
-Becerros e becerras de raza rubia.
☎986 668 820

Véndense
-Dous bois capados, un Rubio e outro cruzado de Rubia e Caldelá.
☎646 423 856

Véndese
-Carro mesturador Tatoma de 10 m3.
-Tractor EBRO 6067.
-Picadora Class Jaguar 695 Mega, con cabezal de millo e herba.
-Pacas grandes de herba seca picada.
-Desbrozadora de cadeas TMC.
☎648 611 395. (Fernando).

Véndense
-Cisterna marca Carruxo de 8.000 litros.
-80 rolos de herba seca.
En Santa Cristina (Cospeito).
☎610 472 095 / 982 505 798

Véndense
-Segadora BCX.
-Rotativa de 1,65 de corte.
-Tanque Pako de 1.000 litros.
-Remolque.
-Circuíto de muxido 4 puntos.
-Cisterna de auga de 2.500 l.
-Cisterna de xurro de 2.500 l.
-Rotoempacadora.
☎669 836 716

Véndense
-50 rolos de herba seca.
Prezo 15 € / rolo.
En Irixoa.
☎680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndense
-Cisterna 1.800 litros en moi bo estado por pouco uso. Con documentación. Barata.
-Segadora de peite que funciona acoplada ao tractor. Moi bo estado de conservación. Tamén ten peites de reposto. Moi económica.
Oportunidade por cese de actividade.
☎630 161 952 / 981 196 114

Véndense
-Rolos de herba seca. Boa calidade. En Castro de Rei (Lugo).
☎659 643 489

Véndense
-2 porcos cebados.
-Parideira de porcos con baño para alimentación.
-Arado de vertedeira dos anos trinta para restaurar.
Na zona de Meira (Lugo).
☎982 330 623

Véndense ou regálanse
-Cachorros pequenos.
☎981 446 501 / 644 791 378

Véndese
-Carro mesturador con fresa de 13m2 en bo estado, acabado de reparar.
Na zona de Boimorto.
☎649 449 031

Véndense
-Bañeira de aceiro con tapa.1.200 litros.
-Depósito de fibra de 1.200 litros.
☎630 931 615

Véndese
-Xerador de 22 cadeas.
-Circuíto Manus.
☎618 244 883 (Suso)

Véndense
-Tractor Massey Ferguson 5611 de 110 CV. Ano 2015, 1.500 horas de traballo.
-Rotoempacadora Fendt en bo estado.
En Forcarei (Pontevedra).
☎644 250 674 (Manuel).

Véndese
-Xovenca de carne primeiriza, preñada de 8 meses.
En Aldixe (Abadín, Lugo).
☎982 526 806

Véndese
-Viño do país, Barrantes e Mencía.
-Augardente.
☎986 689 486

Véndese
-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 Km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco).

Véndese
-Aboadora de péndulo, marca Aguirre, con 500 kg. de capacidade. Na Limia.
☎650 019 275

Véndese
-Tanque de leite Packo 3100. Enfriadeiro Packo de 3.100 litros con dosificación automática e recuperador de calor con grupo separado. Modelo REM/DX.
En Barreiros (Lugo).
☎676 902 914 (Alfonso).

Véndense
-Autocargador-picador Pottinger Boss 1
-Elevador de vacún.
-6 cornadizas regulables en anchura.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo).
☎982 320 206 / 686 811 992 (José).

Véndense
-Tractor.
-Aboadora.
-Autocargador.
-Becerro de Rubia Galega.
☎689 752 400

Véndense
-Rolos de herba seca.
☎619 267 520

Véndense
-Cisterna de 1.800 litros en moi bo estado polo pouco uso. Con documentación. Barata.
-Segadora de peite que funciona acoplada ao tractor. Moi bo estado de conservación. Tamén ten peites reposto. Moi económica.
Ocasión por cese de actividade.
☎618 075 633 / 981 196 114

Véndense
-Tractor Ebro 55: 2.000 €
-Cisterna de 6.000 litros.
-Tractor John Deere 2140 simple, 82 CV.
☎667 469 962

Véndense
-30 rolos de silo e 30 de herba seca.
En Baroncelle (Abadín, Lugo)
☎982 178 970 / 665 603 933

Véndense
-Tanque Serap de 3.500 litros.
-Sala Tándem Miele de 5 puntos.
-Retiradores
☎646 696 222

Véndense
-Autocargador rotativo Riberi, con ITV pasada até 2021.
-Cisterna de 4.000 litros Romay C40, con ITV pasada até 2021.
-Sulfatadora de 500 litros Sanz Olite de 500 litros.
Por xubilación.
☎653 911 180 / 698 153 812

Véndense
-Colleitadora de patacas Grimme LK 650 en bo estado: 8.000 €
-Repartidor de esterco con aspas verticais de 8 metros: 5.000 €
-Motor de regar Campeón de 24 CV: 1.900 €
☎690 281 690 / 659 690 607

Véndense
-Tractor John Deere 3140, con anclaxes para pa.
☎648 611 395 (Fernando).

Véndense
-Becerros limousins en Lugo.
☎685 884 257.

Véndese
-Citroën Xsara HDI, 90 CV.
☎659 993 345 (Juan)

Véndese
-Finca en Oroso de 13 hectáreas.
☎652 558 195 / 635 693 903

Véndese
-Tractor Fiat 70-66 DT con apeiros: Remolque, arado, fresadora, desbrozadora, etc.
Prezo: 15.000 € (negociables). En Abegondo (A Coruña).
☎661 808 545

Alugase
-Nave de recría, con capacidade para 30 animais. Na zona de Chantada.
☎687 082 210



DEMANDANTES DE EMPREGO AGRARIO

JOSÉ MARCIAL DÍAZ MANSO
Idade: 19
Correo: josemarcialdiazmanso@yahoo.es
Lugar: Ames (A Coruña)
Sector: Froita e hortalizas.
Ofrécese para traballar en campañas de froita e hortaliza, en Galiza ou calquera outra comunidade autónoma.

MATIAS ANDRÉ ZAMBRANO VIVAS
Idade: 25
Lugar: Pontevedra
Correo: matiasbit@gmail.com
Teléfono: 658 390 968
Con experiencia non profesional. Viviu no rural e participou en sementeiras de millo e faba e colleitas de pataca e cebola.

GABRIEL VÁZQUEZ FALQUE
Idade: 53
Lugar: Pontevedra
Correo: vazsaiz99@hotmail.com
Teléfono: 656 855 344
Ten experiencia como oficial de xardinería.

NICOLÁS
Idade: 48 **Lugar:** Galiza
Correo: nicodeestas@gmail.com
Ofrécese para traballar de xornaleiro, por tempadas, na recollida de froita e outros produtos

JOSÉ ROMERO DAVILA
Idade: 37
Lugar: Santiago de Compostela
Correo: joromdav@yahoo.es
Teléfono: 722 194 747
Con experiencia en vendimas realizadas en Logroño e Galiza.

VITALIY HUMENYUK
Idade: 26 **Lugar:** Lugo
Correo: vitalimikolaivich@hotmail.com
Teléfono: 674 977 658

XOSÉ VICENTE COUCE DÍAZ
Idade: 37
Lugar: A Coruña
Correo: vicente.couce.diaz@gmail.com
Teléfono: 639 863 914
Con experiencia. Vendima e invernadoiros.

CARLOS AUGUSTO CORONEL
Teléfono: 641 490 306
Correo: carloscoronel776@gmail.com
Lugar: A Coruña
Dispoñibilidade para traballar en calquera parte do territorio do Estado. Experiencia como xornaleiro na campaña da oliva en Baza (Granada). Solicitante de protección internacional, obterá o permiso de traballo en xullo de 2020.

TAMARA URBANO BARJA
Idade: 29
Lugar: Ourense
Correo: tamaraurbanobarja@gmail.com
Teléfono: 628 142 833
Con experiencia. Carné de conducir e vehículo propio.

FERNANDO REYES GONZÁLEZ
Idade: 38
Lugar: Pontevedra
Correo: freyes82@hotmail.com
Teléfono: 630 148 427
Carné de conducir e vehículo



A Xunta activa case 1.000 proxectos industriais agresivos aproveitando as restricións do estado de alarma

A Xunta de Galicia vén de activar os procesos administrativos para case un milleiro de proxectos industriais de grande impacto ambiental, mentres a cidadanía está confinada e non pode organizarse para contestar.

Dende o Sindicato Labrego Galego apoiamos, xunto a outra trintena de colectivos, unha fronte común que se está a formar na Galiza para pararlle os pés ao goberno de Alberto Núñez Feijóo nas súas intencións.

▸ Comunicado completo